

**MARÍA INMACULADA VALEIJE ÁLVAREZ, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO,**

**CERTIFICA:**

Que na sesión ordinaria da Comisión Electoral, celebrada o día 2 de novembro de 2011, adoptouse o seguinte acordo en relación co punto 2 da orde do día "*Interpretación do artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos*".

Primeiro. O artigo 18 regula a elección de Directores e Directoras de departamento tanto haxa unha ou varias candidaturas.

Segundo. No suposto de que soamente haxa unha candidatura deberá acadar a maioría absoluta dos presentes.

Terceiro. No suposto de que houbese mais de unha candidatura será elixida aquela que acade a maioría absoluta dos presentes e mais votos positivos que negativos.

Cuarto. No suposto de que ningunha candidatura cumprise os requisitos establecidos no apartado anterior, procederase a unha nova votación entre as dúas candidaturas mais votadas, sendo elixida a candidatura que obteña a maioría absoluta dos presentes e mais votos positivos que negativos. Se neste último procedemento ningunha candidatura alcanzase a maioría absoluta dos presentes deberanse convocar eleccións nun prazo máximo de 3 meses.

O que certifica en Vigo, o día 2 de novembro de dous mil once.

